

Frei Prudencio de Sandoval e o documento de doazón do castelo de Cedofeita de 1169

Rota sobre o seu coñecemento e versión

Xosé Abilleira Sanmartín.

(Ao meu avó Tano, o primeiro en me dicir Cedofeita, in memoriam)

Sinalamos algunhas cuestións do documento de doazón do Castelo de Cedofeita á igrexa compostelá por parte do rei Fernando II en marzo de 1169 –en conexión co Tombo A, onde se ubica–, comentando certos trazos contextuais e literarios, a súa transmisión e algúns aspectos de versións posteriores, en especial a elaborada polo cronista bieito Prudencio de Sandoval a comezos do século XVII.

De todo o repertorio textual vencellado ao *Castellum de Citofacta* (o castelo de Cedofeita), sen dúbida o máis interesante e suxestivo pola súa significación, estrutura e valor, histórico e literario, é o de doazón por Fernando II á igrexa compostelá o 18 de marzo de 1169.

Segundo sabemos, este documento, no que tamén se sinalan os termos “novísimos e antigos” que abrangue a xurisdición do “Castelo”, é de gran importancia por canto recolle un episodio ben notorio do reinado de Fernando II (ademais da estricteza do doazón, o cerco e toma da torre polas tropas do rei galego) e, sobre todo, por se constituír como espazo narrativo (relato) dos feitos. Quedémonos coa parte do texto que nos interesa aquí, do cal damos a versión o máis literal posíbel á nosa lingua:

“Cum siquidem sepredictum castellum ab hoste nostro, rege Portugalensi, nostris incautis, caperetur, nos, congregato exercitu, idem castellum obsedimus [...] Ceterum superuenientibus imbribus ac tempestate, castellum nobis expugnare non licebat, at gratia diuina nobis non defuit, nam quadam obscurissima nocte turris castelli, fulmine percussa, cecidit, omnes sagitarios interfecit, militesque ita terruit et perturbauit, quod sequenti die castellum sine uulnere et lesione nostrorum

intrauimus. Quod ideo celitus contigisse credimus, quia multis ante in somnis eo modo quo contigit, reuelatum est.”

“Como en efecto, incautos os nosos, se apodrase o noso inimigo, o rei portugués, do xa dito castelo, nós, reunido o exército, asediamos o tal castelo [...] Polo demais debido a que caeu unha tempestate con forte chuvía non houbo maneira de asaltarmos o castelo; mais a graza divina non nos fallou, pois nunha noite escurísima a torre do castelo, abatida por un raio, caeu, matou a todos os frechadores e de tal forma aterrou e perturbou aos soldados que ao día seguinte sen ningunha ferida nin lesión dos nosos entramos no castelo. Pareceunos que nisto tivo a ver, en efecto, o ceo xa que anteriormente en bastantes soños se revelou do xeito en que ocorreu”.

Transcribimos este parágrafo a partir da fixación realizada por Manuel Lucas Álvarez (*Tombo A de la Catedral de Santiago*, Cabildo de la S.A.M.I. Catedral, Seminario de Estudios Galegos, Santiago, 1998, páxs.250-252) do documento número 122 correspondente aos folios 50v-51r do Tombo A. Este Tombo é un códice diplomático cun repertorio de cento sesenta e cinco documentos relativos a doazóns de reis, confirmacións, promesas, etc. confeccionado no século XII, ben en 1129-1134, segundo a posición máis divulgada, a cargo dos labores dirixidos polo tesoureiro da igrexa compostelá Bernardo, e que contaría con varias incorporacións documentais posteriores a eses anos, caso do noso texto, adicionado no ano 1179; ou ben na segunda metade do século XII, se atendemos á tese de Fernández Catón sobre o denominado “Tombo Compostelán”, o presunto e desaparecido códice prototipo. O Tombo A coincide coa *Historia Compostelá* no tempo e no enalzamento da igrexa de Santiago, idea primordial do plan de Xelmírez, para a cal era fundamental ter nas mellores condicións as escrituras recompiladas e referidas aos seus dominios, como salvagarda e protección dos seus dereitos e propiedades. Por outra parte, sobre o Tombo B é pertinente sinalar agora *grosso modo* que é do século XIV, en concreto do ano 1326, un labor patrocinado polo arcebispo Berenguel de Landoira e confeccionado no *scriptorium* do chanceler Aymerico de Anteiac. Con respecto ao Tombo A ten varias omisións, caso de

“Cum siquidem sepredictum... obsedimus [...]” do fragmento mencionado (outras veces é á inversa, como acontece cos confirmantes), e diferenzas textuais (de lectura e escritura).

Este documento de doazón tamén se recolle no século XVIII en *Chartularum ac Diplomatum S.A.Compostellanae Ecclesiae Maxima*, colección do arquivo capitular compostelán con documentos de variada procedencia reunidos polo arquiveiro Xosé Valcarce nos anos 1780-1785, e manuscritos polo calígrafo italiano Luís Tardedi. A isto hai que engadir as copias feitas dos documentos dos Tombos nesa centuria, e algunhas na anterior, depositadas no A.H.N., e tamén a edición que fixo López Ferreiro na súa obra referida á *Iglesia de Santiago* (IV, ap. 41, no que toca ao noso texto).

Como dixemos neste documento o castelo de Cedofeita devén centro de acontecementos, espazo histórico, e conta cun tratamento literario con recursos e ecos da historiografía clásica e medieval e mesmo do relato bíblico. Unha ordenación, disposición e xiros, que se recollen en multitude de documentación desta índole nesa época, cuns aromas que están presentes –estou pensando en certas estruturas como os ablativos absolutos (“esa obra mestra de realismo “factual” sintáctico”, segundo Umberto Eco en “La línea y el laberinto: estructuras del pensamiento latino”, in G.Duby, *Civilización Latina* Laia, Barcelona, 1989, p. 24)- xa, por citarmos alguna mostra, como por exemplo o “congregato exercitu”, en *2 Macabeu 10:24* ou *Números 21:23*; nos clásicos Xulio César ou Tito Livio, ou, posteriormente, no *Chronicon* de Xoan de Biclaro (s. VI) ou nos textos relativos aos reinos francos como a *Historia Francorum* de Gregorio de Tours (s. VI) ou a *Cronica* de Fredegario (s. VII), ou na *Historia Silense* de comezos do século XII ou mesmo na nosa *Historia Compostelá*, coa que garda a coincidencia en canto ao motivo da concesión ao arcebispo Pedro, isto é, a veneración da igrexa compostelá, “dignificada co corpo do Apóstolo Xacobe”. Unha concepción haxiográfica, milagreira e marabillosa, ben presente en bastantes obras do momento, recollida na axuda divina que o Apóstolo adoptou en forma de raio. O prodixio aparece explicitado en varias ocasións no texto (“necnon intuitu miraculi, quod in ... diuinitus reuelauit”, é dicir, “tamén polo miragre observado que no asedio do castelo conmemorado o beatísimo apóstolo Xacobe nolo revelou de xeito

divino”). Vicente Risco, na súa *Historia de Galicia*, Galaxia, Vigo, 1952, p.107, recólleo deste xeito:

“La fortificación de Ciudad Rodrigo trajo una guerra con su suegro Alfonso Enríquez, el cual fracasó en Ciudad Rodrigo y atacó en cambio a Túy, cuya Catedral tuvo que tomar por asalto, llegando después hasta el río Lérez y se apoderó de la fortaleza de Cedofeita; acudió Fernando II, pero fue detenido por una terrible tormenta, mas como un rayo hubiese derribado la torre, los sitiados se le entregaron. Este acontecimiento, que se dice fue revelado anticipadamente en sueños a varias personas, se atribuyó a un milagro del Apóstol Santiago o de San Rosendo...” (Véxase tamén, ao fio disto, Ordoño de Celanova, *Vida e milagres do bispo San Rosendo*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 1990, no que aparece o vencello entre a intervención divina –manifestada coa figura do raio = apóstolo-, e Fernando II, así como a presenza dalgunhas premonicións).



Prudencio de Sandoval: coñecemento e versión do texto.

Nalgunha ocasión (v.g. *Revista Cedofeita* nº 13) temos feito alusión a algunhas versións ou información do século XVII sobre a memoria e coñecemento do documento de doazón ao que aludimos neste artigo. É o caso da carta de Fernando de Fonseca Ruíz de Contreras, datada en Madrid o 13 de outubro de

1655, ao Cabido de Santiago, nos tempos de Felipe IV e no momento da Guerra de Restauración de Portugal a mediados do século XVII, na que hai conciencia da existencia do documento conservado no "archivo del reino de Galicia, en el Cabildo eclesiástico" e se pide que se busque "dicho privilegio, desde los años 1157 hasta 1188", se atope e se mande copia autorizada ao rei (carta sinalada por Jesús Carro, "*El castillo de Cedofeita y el Apóstol Santiago*", *Spes*, xullo, 1949).

Ou tamén, posteriormente, o relato do alaricano e cronista do Reino de Galiza Felipe de la Gándara (en *Triunfos. Hechos heroicos, de los hijos de Galicia. Elogios de su nobleza...* Madrid, 1662. páxs 179 ss.) onde "versiona" o propio documento de doazón.

Pois ben, anterior a esas dúas testemuñas acabadas de citar, aparece a versión de Frei **Prudencio de Sandoval**. Cómpre enxalzar a figura deste bieito (Valladolid 1553 - Nafarroa 1620), bispo de Tui entre 1608 e 1612, continuador das crónicas de Florián de Ocampo e Ambrosio de Morales, e traballador sen desmaio na consulta e recompilación de documentos. A súa importancia en relación co tema que tratamos é enorme, pois, a parte de ser a fonte de Felipe de la Gándara (que a reproduce de modo coincidente) e doutros autores posteriores, transmítenos a dita versión dos documentos dos Tombo bastante matizada e fiel. Na súa *Antigüedad de la ciudad, y Iglesia Cathedral de Tuy, y de los Obispos...*, Braga, 1610, páxs 133 ss. podemos ler:

"Auia el Rey don Alonso de Portugal tomado al Rey don Fernando de Leon la ciudad de Tuy, y todos los lugares desta Costa, hasta el Castillo de Cedofeita, que es en cima de Ponteuedra, y en satisfacion delos daños, que en esta ciudad auia hecho, y por tener el Obispo, y Iglesia a su deuocion, hiço las mercedes que he referido. Duro poco con el señorío destas tierras, porque en el mismo año se la volvió a quitar, como consta por un priuilegio dela Iglesia de Santiago, fecho a 18 de Março. Era 1208. En el qual el Rey don Fernando, dio al Apostol Santiago el Castillo de Cedofeita, que acabaua de quitar a este enemigo, y dice haçe esta limosna al Apostol, porque estando sobre esta fuerça que su enemigo el Rey de Portugal, le avia tomado, por descuydo de los que en ella estaban de presidio y el congregando su exercito vino a cercar el Castillo, pero por ser tan fuerte, y por las muchas lluyas, no le podían combatir: pero acudiendo

el favor divino, una noche muy obscura, cayo un rayo que derribo la torre del Omenage, y mato los ballesteros, que en ella estauan y puso tanto espanto a los demás soldados de presidio, que otro dia sin muerte, ni lesión alguna entregaron el Castillo, lo qual (dice el Rey) creemos auer sido obra del Cielo, porque a muchos antes que sucediese, fue en sueños reuelado de la manera que sucedió, y que esta reuelacion fue hecha diuinalmente por el Apostol, y assi. *Intuitu miraculi (dice) quod in obsedione commemorati Castellii, beatissimus Apostolus iacobus diuinitus reuelauit, etc.* Confirman esta escritura los perlados de Santiago, y Galicia, Leon, Astorga, y Oviedo, y no el de Tuy, porque en estos días estaua Tuy por el Rey de Portugal, pero presto lo ueremos cobrado por el de Leon, y fortificado, asegurando por esta parte su Reyno...".

Disto podemos sacar unas poucas conclusións. En primeiro lugar, que é evidente o uso referencial e de partida do Tombo A sobre todo (lembrems que no B non está o texto latino que corresponde a "porque estando sobre esta fuerça que su enemigo el Rey de Portugal le avia tomado, por descuydo de los que en ella estaban de presidio y el congregando su exercito vino a cercar el Castillo"). En segundo, que tamén consta coñecemento do Tombo B (lembrems que no A non temos texto dos confirmantes). E finalmente, que resulta clara a importancia de Frei Prudencio como coñecedor e transmisor do documento a través da súa versión (anterior ao *Chartularum* e ás diversas copias que a partir do XVII e XVIII se realizan), da que beberon case todos os autores posteriores.



Retablo capilla de Frei Prudencio de Sandoval, Pamplona.